



# **CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Rúa Rosalía de Castro s/n(2º andar) · CP 15320 · Telf./Fax 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D

## **BASES PARA A INSCRICIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO “CAMPAMENTOS URBANOS DE VERÁN 2021”.**

### **1) Lugar e datas de inscrición.**

Convocatoria de prazo para a inscrición da actividade “**Campamentos Urbanos de Verán 2021**”, para a realización de actividades lúdico-educativas dirixidas ás crianzas do Concello das Pontes, durante os períodos de vacacións que permitan ás familias a súa promoción social e laboral.

A actividade vaise desenvolver, nos meses de **xullo e agosto**, en días laborables.

Os obradoiros van dirixidos ós nenos e as nenas nados entre **2.009 e 2.017** do Concello das Pontes, habendo un total de **45 prazas**.

Para poder realizarse a actividade terá que haber un mínimo de 10 inscricións.

O **lugar** de inscrición será no **Rexistro Municipal do Concello**, previa cita, desde o **2 ao 16 de xuño**, en horario de **8:30 a 13:30 h**.

Tamén poderá enviarse a inscrición e a documentación a través da sede electrónica: <http://sede.aspontes.com/es/index.html>, comezando o prazo o día **2 de xuño** ás 00.00 e rematando o prazo o **16 de xuño** ás 23.59 horas.

### **2) Requisitos mínimos de participación.**

2.1. As persoas proxenitoras deben estar empadroadas no municipio con data anterior a esta convocatoria, así como os menores para os que se solicita praza.

2.2. As persoas, aínda sen cumprir o criterio da idade, é dicir, nadas en datas anteriores ao 2009, menores de 16 anos, que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar na convocatoria sempre que teñan capacidade de integración no grupo ou estea acreditado a través dun informe médico, educativo ou social que se vai beneficiar das actividades desenvolvidas.

### **3) Adxudicación de prazas.**

A adxudicación realizarase da seguinte forma:

3.1.) Adxudicación directa: Se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas.

3.2.) No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas aplicaranse os criterios establecidos nestas bases.

Primeiro darase prioridade ás familias cuxa unidade familiar teña ingresos non superiores a 6,5 veces o IPREM 2021 límite que se incrementa nun 15% máis cando se trate de familias monomarentais/monoparentais ou familias numerosas.

Unha vez cumprido este requisito, terase en conta os criterios de valoración do apartado 4.



## **CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Rúa Rosalía de Castro s/n(2º andar) · CP 15320 · Telf./Fax 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Se non se cubren todas as prazas aplicando a prioridade do criterio económico, cubriranse con aquelas familias que non cumpran o criterio descrito da renda, previa valoración de criterios correspondentes ao apartado 4.

#### **4) Criterios de valoración.**

<b>Criterios xerais</b>	<b>Puntuación</b>
Familias nas que traballen os dous proxenitores ou titores/as	10
Familia monoparental/monomarental traballando.	10
Familias nas que só unha das persoas proxenitoras está en situación laboral activa.	3
Familia monoparental/monomarental que non se atopen en situación laboral activa.	3
Familias que soliciten praza para máis dun/dunha menor	1 (por cada menor)

<b>Criterios de carácter social</b>	<b>Puntuación</b>
Familia numerosa categoría xeral	2
Familia numerosa categoría especial	3
No suposto que a nai/titora, pai/titor ou representante legal da persoa menor sexa cuidador/a non profesional dunha persoa en situación de dependencia (Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a Ppersoas en Situación de Dependencia e sucesivas modificacións)	2
Por cada persoa con discapacidade na unidade de convivencia	1
Vítimas de violencia de xénero	3

Nos casos en que haxa igualdade de puntuación, para a obtención da praza adxudicarase por sorteo público.

As persoas adxudicatarias das prazas que non teñan realizado o pago en tempo e forma serán excluídas automaticamente e, de ser o caso, contactarase coas seguintes persoas da lista de espera.

As persoas que obtiveron praza no programa e finalmente non vaian participar no mesmo, deberán presentar renuncia ao efecto por escrito a través do rexistro do Concello de As Pontes ou ben a través da sede electrónica.

#### **5) Funcionamento da actividade.**



## **CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER** **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A** **CORUÑA)**

Rúa Rosalía de Castro s/n(2º andar) · CP 15320 · Telf./Fax 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D

O horario de funcionamento para os Campamentos Urbanos de Verán é desde as 8:00 ata as 14:30 horas. Dentro desta quenda ofertaranse dúas posibilidades:

Opción A: de 8:00 a 14:30 horas con **almorzo saudable** e servizo de transporte. Corresponderá ao Concello das Pontes establecer un **mínimo de menores** para poder prestar o servizo, decidindo non prestalo de ser necesario.

*Para pode baremar a utilización do servizo de almorzo e transporte, as familias deberán xustificar a necesidade a través dos seus horarios de traballo, a través dos certificados de empresa. Poderán ser beneficiarios do almorzo cando o horario de entrada ao traballo sexa antes das 9:00 horas.*

Opción B: de 10:00 a 14:30 horas.

So a opción A dará lugar ao desfrute do servizo de almorzo e de transporte.

### **6) Documentación.**

Para a xustificación destas situacións requírese a seguinte documentación:

- Fotocopia do Libro de Familia (en caso de ser o primeiro ano de inscrición).
- Fotocopia do DNI da/s persoa/s solicitante/s e menor/es, en caso de ser o primeiro ano de inscrición.
- Certificado de empadramento do/a menor solicitante e dun dos proxenitores ou autorización para a comprobación destes datos no padrón municipal.
- Declaración da Renda do 2019 ou xustificante de non ter a obriga de facela. (Non se presentará se xa se fixo nas convocatorias de Nadal 2020-2021 e Semana Santa 2021).
- Certificados de empresa conforme se está traballando e non en período de vacacións. **Dito documento deberá especificar que nas datas que solicita o campamento non ten programadas as vacacións, así como os horarios de traballo. (De non vir especificado non se valorará ese criterio e polo tanto non se outorgará a puntuación correspondente).** Para as persoas autónomas entregarase fotocopia do último recibo de autónomos.
- Resolución do Programa de atención (PIA) onde se recoñeza a libranza para coidados no contorno familiar por coidador non profesional, para situacións de dependencia.
- Documentación acreditativa de asistir a formación ou similar.
- Outra documentación que se requira para xustificar as diferentes situacións baremables no apartado 4 de criterios de valoración.

A documentación que non se presente no prazo establecida, non se poderá presentar posteriormente, realizándose a baremación coa documentación achegada.

As persoas adxudicatarias das prazas poden facer efectivo o prezo público no **Servizo de Recadación do Concello**, sito en Avda Castelao nº 36, baixo, ou ben facendo ingreso bancario no número de conta de ABANCA **ES19-2080-0230-6931-1000-0012** e presentar o xustificante de pagamento no Centro de Información á Muller (Rosalía de Castro 28-Casa Dopeso 2º Andar) ou por mail a [cim@spontes.org](mailto:cim@spontes.org).



## **CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Rúa Rosalía de Castro s/n(2º andar) · CP 15320 · Telf./Fax 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D

As persoas adxudicatarias das prazas que non teñan realizado o pago en tempo e forma e acreditado no departamento organizador da actividade, serán excluídas automaticamente e de ser o caso contactarase coas seguintes persoas da lista de espera.

### **7) Comisión de baremación.**

O Concello das Pontes constituirá unha comisión de baremación e seguemento composta por:

Presidencia: Concelleira de Igualdade ou persoa en quen delegue.

Secretaría: Directora do Centro de Información á Muller ou persoa en quen delegue.

Vogal: Traballadora social do Concello das Pontes ou persoa en quen delegue.

### **8) Listaxe de persoas admitidas.**

A listaxe provisional de persoas admitidas publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal [www.aspontes.org](http://www.aspontes.org). Concederase un prazo de 3 días hábiles para a presentación de reclamacións.

Rematado o prazo de reclamacións á lista provisional publicarase a lista definitiva e a lista de agarda, se fora o caso.

### **9) Baixas.**

Causarase baixa no servizo, sen dereito a devolución da cota de inscrición, por calquera das circunstancias seguintes:

- Por solicitude propia.
- Por comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados.
- Por compatibilizar o campamento con outra actividade externa, no mesmo horario.
- Por falta de asistencia continuada durante máis de tres días sen causa xustificada.
- Por incumprimento reiterado das normas por parte do/a menor e da familia.

As baixas producidas por calquera dos motivos expostos cubriránse coas solicitudes da lista de agarda.

### **10) Lugar e horario.**

As actividades terán lugar no CEIP A Magdalena, sito na R/ Monte Caxado s/n, e consistirán en actividades educativas, de lecer e deportivas.

O horario das actividades é de **8:00 ata 14:30 horas**.

### **11) Cota de inscrición.**

Establécese a seguinte **cota de inscrición: 40 € /mes**, por cada menor participante.  
(Ordenanza n.º 11. Taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas, socioculturais e de lecer)



**CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER**  
**CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A**  
**CORUÑA)**

Rúa Rosalía de Castro s/n(2º andar) · CP 15320 · Telf./Fax 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D